



*O lobo feroz xa non se agocha baixo o disfrace de avoa, agora agarda as súas vítimas escondido nas redes sociais. É que aínda que a sociedade ten avanzado moito no eido da igualdade e da diversidade de xénero, "as carapuchiñas do século XXI non se libran do acoso dos lobos a través das pantallas".*

Este é o punto de partida do proxecto Carapuchiña e a pantalla feroz, liderado polo **grupo de innovación docente GTiCH (Group for Teaching Innovation on Children's Literature)** e desenvolto co financiamento da Cátedra de Feminismos 4.0 Depo-UVigo.

O obxectivo era analizar o uso da linguaxe nas redes sociais por parte de preadolescentes e adolescentes para determinar cales son as diferenzas respecto do uso estándar da linguaxe e estudar como inflúe o binomio sexo/xénero no seu uso. Ademais, tamén se centraron en recoller datos sobre imaxinario e identidades, sexismo e hipersexualización que axuden a diagnosticar e previr posibles comportamentos que preceden á violencia de xénero.

O estudo foi desenvolto polas investigadoras do GTiCH Veljka Ruzicka, Lourdes Lorenzo, Ana Pereira, Beatriz Rodríguez, Ana Fernández e Sonsoles Facal e polo investigador do grupo GALMA Jesús Meiriño

FALADOIRO

*Carapuchiña e a pantalla feroz:  
identidades de xénero  
nas redes sociais*

Grupo de Inovación Docente GTiCH (Uvigo)

**Martes, 3 outubro 2023**

**ás 19:00**

**Lourdes Lorenzo**

profesora e directora do Dpto. de Tradución e  
Lingüística da UVigo